



DECRETO. Aprobación das bases para Eat, Play and Learn with Peter Vard, 2016 (EPL 2016)

Visto o expediente tramitado para a aprobación das bases do Eat, Play and Learn with Peter Vard, 2016, Contacontos e outras actividades en inglés, que organiza a Biblioteca Municipal e que terán lugar os vindeiros domingos 9, 16 e 23 de outubro e 13, 20 e 27 de novembro de 12:00 a 16:00 horas dirixido a nenos de 4 e 5 anos. Examinadas e achadas conformes as Bases correspondentes, esta Alcaldía vén en resolver:

Primeiro.- Prestar aprobación ás bases Eat, Play and Learn with Peter Vard, 2016 que a continuación se transcriben.
Segundo.- Ordenar que continúe o procedemento coa publicación das devanditas bases.

<< BASES PARA Eat, Play and Learn with Peter Vard, 2016 (EPL 2016)

Contacontos e moito máis

A actividade desenrolarase nos seguintes domingos:

Outubro 9 ; 16 ; 23

Novembro 13 ; 20 ; 27

Horario: de 12:00 a 16:00 horas.

Dirixido a nenos de 4 e 5 anos (deberán ter a idade requirida o 8 de outubro de 2016)

Ofertaranse 40 prazas en total, distribuíndose 20 en outubro e 20 no mes de novembro (debendo haber un mínimo de 10 solicitudes para poder facer as dúas quendas).

A inscrición presencial:

A inscrición presentarase do 19 al 23 setembro na Casa da Cultura Pintor Lloréns en horario de 9:00 a 14:00 horas. Achegarase á inscrición o DNI ou o libro de familia do menor.

O prazo para recoller as solicitudes será ata as 14 horas do 23 de setembro

A inscrición electrónica:

Pódese enviar a documentación a través do correo electrónico a calquera hora do día/noite. Deberá achegarse ao correo a inscrición e o DNI ou o libro de familia do menor.

O prazo rematará ás 23:59 do día 23 de setembro.

No caso de que haxa máis solicitudes que prazas farase un sorteo público na Casa de la Cultura Pintor Lloréns o 27 de setembro ás 11:00 horas.

O listado definitivo farase público o 28 de setembro a partir das 14:00 horas.

Formarase unha lista de reserva por si houbera algunha renuncia. O listado cos admitidos e a lista de reserva quedará exposto na Casa da Cultura Pintor Lloréns, na web do concello de Sada e no facebook da biblioteca municipal.

A iniciativa EPL_2016 é gratuíta agás a comida que correrá a cargo dos proxenitores. O persoal da biblioteca debe coñecer se algún neno ten algunha alerxia.

Poden chamar ao teléfono 981 61 91 15 (Leticia, Belén, María) para solventar as dúbidas.

As datas poderían ser modificadas por necesidades do servizo.

Actividades_2016_Biblioteca

Inscrición no Eat, Play and Learn with Peter Vard.

Nome do pai/nai/titor

Nombre del padre/madre/tutor

Teléfono

Email

Nome do neno/Nombre del niño

Data do nacemento/Fecha de nacimiento

Asinado polo pai/nai/titor

Firma del padre/madre/tutor

Selo e hora de entrada da solicitude (campo a cubrir polo empregado público)

Autorizo a subir fotos do meu fillo ás redes sociais/ Autorizo a subir fotos de mi hijo a las redes sociales

Os datos persoais que está a facilitar quedarán na Biblioteca Municipal que non os cederá a ningún outro servizo.>>